

PROGRAMACIÓN DOCENTE
ZOOLOXÍA: A DIVERSIDADE DO MUNDO ANIMAL
curso 2017-18

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Zooloxía: a diversidade do mundo animal
Código	IV30122
Curso aconsellado	3º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	75
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Científico

I.1. Profesores

Coordinador/a da materia: Mª Fuencisla Mariño Callejo

Profesores	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Josefina Garrido González	8A 5P*	10-13 (luns e martes) jgarrido@uvigo.es	Facultade de Bioloxía Bloque B, 2ª planta, D8 986 812581	Castelán
Mª Fuencisla Mariño Callejo	8A 5P*	10-13 (luns e martes) mmarino@uvigo.es	Facultade de Bioloxía Bloque B, 2ª planta, LI-47 986 812580	Castelán
Francisco Ramil Blanco	8A 5P*	10-13 (luns e martes) framil@uvigo.es	Facultade de Bioloxía Bloque B, 2ª planta, D7 986 812582	Galego

*compartimos os 3 profesores as prácticas de laboratorio

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Non son necesarios coñecementos previos.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Materia aconsellada para o 3º curso do Ciclo Intensivo co fin de introducir ao alumno no coñecemento da diversidade zoolóxica, que constitúe un tema de gran relevancia cara o coñecemento e conservación do medio natural.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Dar a coñecer aos alumnos a diversidade animal, os deseños de organización corporal e a bioloxía dos principais grupos animais

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase dos alumnos que:

- Comprendan a diversidade do reino Animal.
- Sexan capaces de recoñecer as características máis importantes dos grandes grupos zoolóxicos.
- Saiban interpretar e usar adecuadamente conceptos e criterios inherentes á zooloxía.
- Manexen adecuadamente a bibliografía e nomenclatura de este campo da Bioloxía.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	25	0	1.5	37.5	62.5	2.5
Prácticas	4	0	1.3	6.5	11.5	0.46
Probas de avaliación	1	0	0	0	1	0.04
Total	30	0	2.8	44	75	3

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	A utilidade de coñecer os animais. Unha breve historia.	1 hora
2	Diversidade animal e clasificación. Cómo identificar animais.	1 hora
3	As Esponxas. Son animais as esponxas?. Estrutura e funcións vitais: a importancia dunha corrente de auga. As esponxas de baño e outras aplicacións do grupo.	2 horas
4	Os Cnidarios: os animais-planta. O pólipo e a medusa. A colonia: estrutura e reparto de traballo. Por qué pican as medusas?: as células urticantes. Plumos e abanicos de mar, anémonas, corais e arrecifes.	2 horas
5	Os Platelmintos. Os vermes planos: animais simples con ciclos de vida complexos. Súa importancia como parasitos: a solitaria e compañía.	1 hora
6	Os Nematodos. Os vermes redondos: unha multitude invisible. A importancia na natureza e a súas relacións có home.	1 hora
7	Os Moluscos. Importancia e diversidade: 100.000 especies de caracois, lesmas, ameixas, polbos y luras. A explotación dos moluscos: pesquerías, cultivo, coleccionismo.	4 horas
8	Os Anélidos. Os vermes segmentados. Estrutura e significado da segmentación. Vermes de mar, miñocas e samesugas. Dende o seu emprego na medicina da Idade Media ata a súa importancia no reciclado de residuos no século XXI.	2 horas
9	Os Artrópodos. Os grandes conquistadores do Planeta: máis dun millón de especies de animais coas patas articuladas. Estrutura básica e diversidade: arácnidos, crustáceos e insectos (arañas e escorpións; camaróns, gambas e cangrexos; cempés e milpiés; escaravellos, bolboretas, moscas e mosquitos). Relacións co home, unhas boas (mel, seda, fonte de alimento, polinización) e outras non tan boas (pragas, formas velenosas, transmisión de enfermidades).	8 horas

10	Os Equinodermos. Animais con espiñas na pel. A importancia do número 5 nun grupo deseñado para confundir os zoólogos. As estrelas, ourizos, cogombros de mar e outros parentes menos coñecidos.	1 hora
11	Os Cordados. Os vertebrados e outros grupos sorprendentes. As súas características e a súa diversidade: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos.	1 hora

Programa práctico (se o houbera)

Práctica	Actividades a desenvolver no CUVI	Duración
1	Veranse distintos exemplares de parte dos grupos explicados en teoría. Usaranse claves dicotómicas para a identificación de especies.	2 horas
2	Veranse distintos exemplares do resto dos grupos explicados en teoría. Levarase a cabo a disección dun peixe.	2 horas

Bibliografía básica

Hickman C.P., Roberts L.S., Larson A., l'Anson H. & Eisenhour D.J. (2006). *Principios Integrales de Zoología*. (13ª ed.) Ed. Interamericana Mc Graw-Hill, Madrid.

Hickman, F.M. y Hickman, C.P. (1998). *Zoología. Manual de Laboratorio*. (8ª ed.). Ed. Interamericana Mc Graw-Hill, Madrid.

Bibliografía complementaria

Brusca R.C. & Brusca G.J. (2005). *Invertebrados*. Mc Graw-Hill.

Kardong, K.V. (2007). *Vertebrados. Anatomía comparada, función, evolución*. Mc-Graw Hill. Interamericana.

Ruppert E.E. & Barnes, R.D. (1996). *Zoología de los Invertebrados*. (6ª ed.). Mc Graw-Hill. Interamericana

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases: as clases teóricas levaranse a cabo coa axuda de presentacións de power point e uso de vídeos.

Prácticas (se procede): levaranse a cabo no laboratorio de prácticas e coa axuda de lupas e microscopios os alumnos verán distintas estruturas e exemplares dos grupos estudados na teoría.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

O 70 % da nota corresponde á asistencia e participación, al menos no 80 % das horas de aula e laboratorio, e o outro 30 % deberá obterse a partir dunha proba escrita que se realizará na aula

IX.- OBSERVACIÓNS

As clases prácticas realizaranse no laboratorio de Zooloxía na Facultade de Bioloxía (CUVI)